

O xornal da Terra de Melide

Nº 66. Xuño 2011. Distribución gratuíta

MELIDE

Cea declara que actuou baixo o “interese xeral” no caso da depuradora P14

COMARCA

Propietarios de casas da zona poden solicitar axudas para rehabilitar P18

DEPORTE

A Escola Ayude faise co triunfo na liga galega de loitas para escolares P20

ENTREVISTA



Toño Pumar, Toño Peluqueros

“Asisto a cursos formativos cada ano para estar ao día nas tendencias” P23

As urnas relevan ós rexedores en tres concellos da comarca

En Melide obtivo maioría absoluta o PP de Ánxeles Vázquez, que relevará a Socorro Cea (BNG) como rexedora. Na foto, da noite electoral, celebra a vitoria co seu equipo.

En Santiso, PSOE, BNG e IS chegaron a un pacto que apartará da alcaldía a Ovidio Leiva (PP). O mandato estará repartido entre Fernando Suárez e Manuel Adán. En Sobrado seguirá Jacobo Fernández e en Toques agárdase unha coalición de XCPT con BNG ou PP. Especial P7.



Éxito na primeira parada da II ruta ‘Melide de tapas’



O concurso de tapas que organiza Asetem-Cca celebrárase durante as catro fins de semana do mes de xuño en 18 establecementos de Melide. P4 e 5

Estrean o auditorio da Casa da Cultura o Día das Letras



Máis de 300 veciños acudiron ó primeiro espectáculo que acolleu a sala, no que se leron poemas de Lois Peireiro e actuaron músicos e solistas melidenses. P19



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- CONCENTRACIÓN PARCELARIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. /Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: lngtec@leleline.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Indignados

Miles de persoas acampan dende o pasado 15 de maio nas prazas das principais cidades españolas. Indignados, así se atopan. Trátase do chamado Movemento 15-M, que é alleo a partidos políticos e sindicatos. Está formado por persoas de tódalas clases sociais, estudantes, traballadores, pequenos empresarios, parados, xubilados; mozos e maiores; persoas de esquerdas e de dereitas. Existen maiores cauces de participación do pobo no sistema democrático, denuncian os abusos financeiros do gran capital e a corrupción e ineficacia da clase política.

Esixen que se instaure a chamada democracia real, á que se adicou o editorial do anterior número de Cerne. “Moitas persoas non se sintén representadas por este sistema, unha falsa democracia que os deixa á marxe das decisións máis trascendentais para as súas vidas”, dicía o texto. Por iso os manifestantes piden que se celebren referéndums para as cuestións de gran calado que modifican as condicións de vida da cidadanía.

Este movemento xurde do profundo malestar contra a clase política e financeira que goberna o país, algo ao que ninguén é alleo. Levamos moito tempo criticando os despropósitos duns dirixentes, de tódolos ámbitos e cores, que non se preocupan por solucionar os problemas reais da cidadanía e que só miran o seu embigo.

Tivo que ser un movemento que partiu da base da sociedade o que axitou as consciencias e



desencadeou as protestas, desmentindo a pasividade social da que se acusaba ós mozos. Acampados nas prazas das nosas cidades, comezaron a organizarse en comisións. As asembleas son os mecanismos de toma de decisións. Non teñen líderes.

As súas principais reclamacións resúmense en catro medidas: reforma electoral para permitir unha maior participación cidadá; loita contra a corrupción que actualmente invade o sistema político e financeiro; separación dos poderes públicos e esixencia de responsabilidades políticas. Son propostas “de sentido común”, coas que a gran maioría dos cidadáns están identificados. Aínda que algúns só o admiten coa boca pequena.

Hai moita xente que critica o movemento, que se definiu dende un comezo como pacífico. Non se

dan conta de que os que se manifestan son, ou poderían ser, os seus fillos. Persoas que naceron coa democracia e que atoparon moitas facilidades nas primeiras décadas de vida, pero que ven imposible forxar un futuro laboral e persoal digno. A xeración mellor preparada do país, que ten que emigrar para poder vivir en condicións non precarias. Son persoas que teñen que borrar a súa extensa formación do seu curriculum -moitos con varias carreiras e másteres- para poder optar a un traballo a media xornada nun restaurante de comida rápida. Persoas que non poden pagar un alugueiro dun piso, xa nin se fale de mercar, porque o seu salario é de 600 euros mensuais.

Agora espérase un paso adiante. Que o movemento se integre no sistema para levar a cabo as propostas que defenden.

Tribuna de opinión

Un novo cambio

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



O 22-M deixa en Melide e noutros dous concellos da comarca -Santiso e Toques- un cambio de goberno. A Xunta Directiva de Asetem-Cca quere felicitar aos novos rexedores e aos seus equipos pola victoria.

Foi unha campaña dura e reñida, tal e como se prevía, na que todos traballaron para facerse coa confianza dos electores e acadar o seu voto. Aínda que agora todo pasou, queremos amosar o noso rexeitamento ante certos incidentes que se produciron durante a campaña, tales como alusións persoais nos mítins dos distintos partidos ou o caso dos panfletos repartidos en Melide por varios grupos de cazadores. Lamentamos que se faga este xogo sucio e que sigan existindo presións e coaccións que impiden ós veciños da zona votar libremente.

Cremos que estes comporta-

mentos non benefician a ninguén, e ademais axudan a crear un ambiente de crispación no que toda a cidadanía se ve envolta.

Ante a futura toma de posesión dos novos gobernos, prevista para o día 11 de xuño, dende a patronal melidense agardamos que os novos alcaldes e concelleiros comecen a traballar arreo por e para o futuro dos nosos concellos. Estamos nunha época moi difícil, por iso agardamos que os novos gobernos veñan cargados de novas propostas que sexan positivas para o tecido económico e comercial da comarca e para os veciños en xeral.

Agardamos manter un contacto fluído con todos eles, que nos trasladen de primeira man as súas principais propostas para o ámbito económico e que demostren a mesma vontade de traballo que temos en Asetem-Cca.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López,

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-ESPECIAL ELECCIÓN.....	7
-MELIDE.....	14
-COMARCA.....	18
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Asetem ofrece aos asociados información para regularizar as edificacións sen licencia

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) pon a disposición de tódolos seus asociados información para a regularización das edificacións construídas sen licenza, ben sexan vivendas ou naves industriais.

O pasado 11 de maio, o Diario Oficial de Galicia (DOG) publicaba a instrución 2/2011 para a aplicación da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010 de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002 (Lei do Solo de Galicia), sobre edificacións sen licencia. Esta instrución ten como obxectivo dar solución a aquelas edificacións que se construíran sen licenza municipal. Por medio deste sistema e elaborando un 'Expediente de Incurción na situación lega de Fóra de Ordenación', pódese incorporar a edificación ao patrimonio do titular.

Non obstante, este trámite non supón a legalización do

construído, aínda que si un recoñecemento do mesmo, ao acollerse á figura legal de 'Fóra de Ordenación'. Tal e como di o texto da norma, isto supón "a aceptación dunha situación de feito".

Nos casos concretos de naves con actividade, tamén quedaría recoñecida ésta, pero do mesmo xeito que ocorre coa construción, o recoñecemento non implica unha licenza de actividade.

Requisitos

Para poder acollerse á declaración de Fóra de Ordenación, é requisito imprescindible que as edificacións estiveran finalizadas e a actividade en marcha antes do 1 de xaneiro de 2003. As solicitudes para este trámite deben presentarse antes do 20 de abril de 2012.

Asetem-Cca ofrecerá máis información a tódolos asociados interesados en levar a cabo estes trámites.

Xornada de casos de éxito no comercio en Asetem

Asetem-Cca acollerá unha xornada sobre casos de éxito no comercio o próximo 9 de xuño. A sesión celebrarase ás 21.00 horas no salón de actos da patronal melidense.

A charla abordará distintos ámbitos relacionados co sector do comercio. Un dos principais puntos será a avaliación das claves que levan un negocio ao éxito comercial, do que se relatarán varios exemplos.

Analizarase a actividade e o traballo das asociacións de comerciantes e empresarios da man do presidente da Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo (Fecimo), Xosé Bangueses. O avogado Feliciano Nogueira falará das cuestións normativas no comercio, explicando as principais características da nova normativa do sector, a lexislación sobre horarios ou sobre as garantías.

Os peregrinos tamén len Cerne



Reparto en:

Melide
Santiso
Sobrado
Toques

Arzúa
Palas de Rei
Portomarín
Sarria


Villamor.s.c
www.inmobiliariavillamor.com

Rodrigo Fernández Pombo
gerente

Inmobiliaria - Seguros - Comunidades

MELIDE
 Canton de San Roque, 8

Telf. y fax: 981 815 330
 info@inmobiliariavillamor.com

SEGUROS BILBAO


Rodrigo Fernández Pombo
 C/Rda. de Pontevedra, 113
 15800 - MELIDE
 Tlf/Fax: 981 506 495
 Móvil: 678 055 942

CONVENIO ESPECIAL ASETEM:
PRECIOS ESPECIALES PARA ASOCIADOS

OFICINAS Y COMERCIOS hasta el
40% descuento
 TU SEGURO DE OFICINA O COMERCIO A PRECIO DE OTRAS TEMPORADAS

CIDERTRONIC
 A tua tenda de informática on line

Camara Canon Powershot

70,35 € entra en:

portatil Samsung por solo

399,90 €

www.cidertronic.es

Asetem organiza o II 'Melide de Tapas' con 18 establecementos participantes

Haberá premios ó mellor pincho, e ó tradicional, innovador e con produtos galegos. Sortearanse un lote de ibéricos e unha estancia nun hotel e nun parque natural en Lugo.

Despois do grande éxito colleitado na pasada edición, a Asociación de Empresarios Terra de Melide – Centro Comercial Aberto (Asetem-Cca), organiza a II Ruta 'Melide de Tapas', que se celebrará durante as catro fins de semana do mes de xuño en 18 locais do casco urbano melidense.

Na primeira fin de semana do concurso xa foron moitas as persoas que se achegaron aos distintos bares a degustar



Durante a primeira fin de semana do concurso os bares estiveron ategados de xente

os pinchos. Os hostaleiros recalcan a boa acollida que ten esta iniciativa entre o público, xa que é do agrado da clientela habitual e logra atraer novos clientes, incluso de concellos limítrofes.

Ao igual que na pasada edición, as tapas son totalmente gratuítas e serviranse os ven-

res de 20.00 a 22:30 horas e os sábados de 13:00 a 15:00 e de 20:00 a 22:30 horas.

Premios

O concurso contará con catro premios para os establecementos participantes: á mellor tapa, mellor tapa tradicional, innovadora e elaborada con

produtos galegos. Para determinar os premios haberá un xurado popular e un xurado de expertos en gastronomía, entre os que estará o bicampeón de España de Maitres, Nacho Costoya, o presidente da Asociación de Maitres de Galicia, José Vicente Gómez, e o director da Unidade de Ac-

ción Formativa (UAF) de Melide, Rafael Guerrero.

En canto ao público, os participantes valorarán cada tapa mediante unha tarxeta de votación que terán que depositar nas urnas que haberá en cada establecemento. Entre todas as papeletas sortearase unha estancia dunha xornada na cidade de Lugo, con pernoctación na Casa Grande de Nadela, visita ao parque Marcelle Natureza (Outeiro de Rei) e comida no restaurante La Cabaña de Marcelle.

Tamén haberá a posibilidade de percorrer a ruta completa a través dun pasaporte –que poderán recoller na Oficina de Turismo do Concello ou en calquera dos bares participantes– que terán que ir selando en cada un dos locais. Se completan os 18 establecementos entrarán no sorteo dun lote de produtos ibéricos de Distribucións O Carrizo. Unha vez teñan cuberto o pasaporte deberán entregalo para a súa validación na Cervejería-Tapería O Sapo Lambón (Taboada Roca, 3) ou na Pulpería-Restaurante Mosquera (Avda. de Lugo, 85).

II RUTA 'MELIDE DE TAPAS'



Cafetería Stop
Orella picante ao estilo Stop



Adega O Lar
Ensaladilla O Lar



Cervejería A Fundación
Bolo ao xamón



Adega Mandil
Ovo ao chef



Pensión Xaneiro
Champiñóns ao iogur



Cafetería Avenida
Ovos recheos de primavera



Pulpería Mosquera
Delicias de cogomelo e polbo



Cafetería Cire
Ovos recheos



Big-Ben Irish Tavern
Tortilla Big-Ben



Pulpería Alongos
Pulpo no mar e na miña terra



Cervejería Godiva
Guiso de coello ao Godiva



Pousada Chiquitín
Mexilóns á vinagreta



Cervejería O Sapo Lambón
Arroz con curry ao estilo Sapo



Casa Quinzán
Brocheta campera



Café-Bar Cantón
Lacón asado ao estilo Cantón



Cervejería Pinocho
Ensalada de pasta ao Pinocho



Cervejería O Trasnó
Trasnada típica



A Boa Viña/A Boa Vida
Delicias da Boa Viña

Melide de Tapas



**Adega
MANDIL**

Tfno: 981 505 753 - Rúa Alberto de la Fuente, 6
15800 MELIDE (A Coruña)



**A boa Viña
A boa Vida**

Praza da Herba, 10 - Zona dos Viños - MELIDE



**Mesón-Pulpería
ALONGOS II**

Especialidade en coctéis galegos tradicionais,
desde 1952.
DOSOCUPADOS A PALEIRA
PELLO - BACALAO - COCOTÉ (por encargo)
CARNE DE BÓN
A PANDA

Rúa Lugo, 22
MELIDE (A Coruña) Tel: 981 56 75 19 - Móbil: 615 36 00 39



**PULPERIA
RESTAURANTE
MOSQUERA**

facemos pulperías

Tfno: 981 50 55 87
Rúa de Lugo, 25
15800 MELIDE (A Coruña)

www.pulperiamosquera.es pulperiamosquera@gmail.com



**Ciro
Cafetería**

Rúa Principal, 11 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Café-bar Cantón

Tfno: 981 50 55 69
Matto Segade Baguete, 29
15800 MELIDE (A Coruña)



Chiquitín

- Almorzos
- Menú do día
- Unha carta con pratos moi variados
- Habitacións
- Terrazas

Tfno: 981 815 323 - fax: 981 507 360
Rúa San Antón, 38 - 15800 MELIDE (A Coruña)
www.pousadachiquitin.es - info@pousadachiquitin.es



**Casa Quiroz
RESTAURANTE**

Rúa do Convento, 7
MELIDE Tel: 981 505 325
restaurantecasaquiroz@gmail.com



**Cervexería Cafetería
O' TRASNO**

Rda. de Pontevedra, 30 - 15800 MELIDE (A Coruña)



**BIG BEN
IRISH TAVERN**

Praza da Herba, 8 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Adega "O Lar"

Rúa San Pedro, 17 - 15800 MELIDE (A Coruña)

CERVEXERÍA - TAPERÍA



**SAPO
LAMBON**

Taboada Roca, 3 MELIDE

BAR AVENIDA

Ambiente familiar
Campeonato de tute
tódolos domingos e festivos
Comida caseira por encarga
callos - tortillas - lacóns

Tfno: 981 50 73 58 - 698 12 14 94
Praza das Universidades, 1 - Melide



Especialidades
de desayuno
Bocadillos calientes
y Tapas

STOP
No se vende
Bebidas de Alcohol
MELIDE

HOTEL Restaurantes

Xaneiro

PX **HX**

Paseo Zoruto, 41
Tel: 981 00 10 15
San Pedro, 27 - Melide

Paseo Zoruto, 41
Tel: 981 00 11 41 - Fax: 981 00 11 95
Rúa de la Estación, 41 - Melide

www.xaneiro.com info@xaneiro.com

CERVEXERÍA



Godiva



**CERVEZERÍA
Pinocho**

Rúa Galicia, 7 - 15800 MELIDE (A Coruña)

A FUNDACIÓN BOWLING



MELIDE - OCIO

Tel: 981 78 78 22 - Santa Eulalia - Rúa, 11 - 15800 Melide (A Coruña) - www.fundacionbowling.com

...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña info@ccxestion.com
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314 www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1. Subvencións a pemes, para a realización de proxectos para a implantación de medidas de responsabilidade social empresarial (RSE).

(DOGA Nº 95 de 18 de Maio de 2011)

Beneficiarios: empresas privadas galegas que non superen os 50 millóns de euros de volumen de negocio anual ou que o balance anual sexa inferior a 43 millóns de euros; e con un número de traballadores inferior a 250.

Liñas de axuda:

Liña 1) Implantación de modelos, sistemas ou ferramentas de xestión que establezcan conceptos de RSE nas empresas galegas. Axuda: ata o 100% dos gastos cun máximo de 5.000€.

Liña 2) Formación específica en materia de sustentabilidade ou responsabilidade social empresarial. A formación estará destinada a capacitar as persoas que traballen na empresa en materia de sustentabilidade ou responsabilidade social para poder desenvolver os traballos necesarios tales como proxectos, informes, memorias ... Axuda: ata o 100% dos gastos cun máximo de 2.000€.

Liña 3) Obtención de reportes, estándares ou certificacións en responsabilidade social empresarial. Comprenderá o custo da certificación por entidades independentes que estean recoñecidas polas organizacións propietarias dos sistemas de xestión de responsabilidade social empresarial polos que se opten. Axuda: ata o 100% dos gastos cun máximo de 2.000€.

Prazo: 18 de Xuño de 2011.

2. Axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

(DOGA Nº 102 de 27 de Maio de 2011)

Beneficiarios: PEMES galegas ou empresas con sucursais en Galicia cun mínimo do 10% de traballadores galegos e, polo menos, catro persoas.

Liñas de axuda:

Liña 1) Axuda para a implantación de plans de igualdade na empresa. Accións subvencionables:

a) Realización de diagnose da realidade da empresa dende a perspectiva de xénero e elaboración de plan de igualdade, que inclúan avaliación de postos, categorías profesionais, xornada e estrutura salarial e extrasalarial: ata o 100% do gasto cun máximo de 6.000€.

b) Asistencia a cursos de formación en materia de igualdade: ata o 100% do gasto cun máximo de 1.200€ por persoa.

c) Contratación de persoal con experiencia en materia de igualdade para asesorar na elaboración e implantación do plan de igualdade: ata 900€/mes por persoa contratada.

d) Gastos de contratación de empresas externas para o asesoramento e implantación do plan de igualdade: ata o 50% do importe da contratación cun máximo de 5.400€.

Liña 2) Axuda para á eliminación da infrarrepresentación feminina nos eidos laborais ocupados predominantemente por homes. Ata o 100% dos gastos, cun máximo de 22.000€.

Liña 3) Axuda para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral (habilitar servizos de comedor, gardaría, lugares axeitados par o reposo das traballadoras embarazadas, salas de lactación e instalacións análogas). Ata o 100% dos gastos cun máximo de 50.000€.

Prazo: 27 de Xuño de 2011.

3. Subvención para o fomento ao asociacionismo e a participación das mulleres.

(DOGA Nº 103 de 30 de MAIO de 2011)

Beneficiarios: asociacións de mulleres e federacións constituídas por estas, domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia, sen ánimo de lucro.

Liñas de axuda:

Liña 1: Consolidación do movemento asociativo: destinada a compensar gastos correntes do mantemento e funcionamento das asociacións.

Liña 2: Promoción de hábitos de vida saudables: destinada a compensar gastos correntes e/ou persoal producidos polo desenvolvemento de actividades para dita finalidade. Entre as accións subvencionables están: promoción do exercicio físico, promoción de hábitos alimenticios saudables e prevención de enfermidades crónicas prevalentes nas mulleres e estímulo de conutas de autocoidado.

Cada asociación só poderá presentar solicitude de axuda para unha das dúas liñas, e os gastos deben ser realizado entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2011.

Axuda: máximo 6.000€ por entidade, e na liña 2 un máximo de 2.000€ por actividade.

Prazo: 30 de Xuño de 2011.

Fiscal e laboral

-Modificación da deducción por obras de mellora na vivenda habitual no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Modifícanse algúns aspectos da deducción por obras de mellora na vivenda habitual nos seguintes termos:

A deducción aplicarase nas obras realizadas dende o 7 de Maio do 2011 ata o 31 de Decembro do 2012.

Ampliase o obxecto da deducción, pasando a aplicarse en calquer vivenda, incluíndo vivendas a disposición do propietario ou alugadas. Quedan excluídas as vivendas afectas a actividades económicas.

Elévese o límite da renda para poder aplicar a deducción, pasando de 53.007,20€ a 71.007,20€; así como a porcentaxe de deducción, pasando do 10% ó 20%.

O límite máximo da base de deducción anual pasa de 4.000€ a 6.750€ , e o límite máximo plurianual pasa de 12.000€ a 20.000€ por vivenda.

Recórdase que esta deducción ten como fin obras de mellora da eficiencia enerxética, da accesibilidade e obras de instalación de infraestruturas para o acceso a Internet e a TDT. Ditas obras deben ser pagadas polo banco, nunca se pode aplicar a deducción se os pagos son en metálico.

Incompatibilidade da pensión de xubilación da Seguridade Social co exercicio da actividade por conta propia dos profesionais colexiados.

O desfrute da pensión de xubilación da Seguridade Social será incompatible co exercicio da actividade por conta propia dos profesionais colexiados que se atopen eximidos da obriga de causar alta no Réxime Especial de Autónomos, con independencia de que queden ou non integrados en mutualidades de previsión social.

Este réxime de incompatibilidade non será de aplicación cando a pensión de xubilación viñera compatibilizándose co exercicio da actividade por conta propia dos profesionais colexiados na data de entrada en vigor desta orde ou para aqueles que houberan cumprido os 65 anos de idade.

Data de entrada en vigor da orde: 1 de Xullo de 2011.

Tablón de Edictos e Anuncios da Seguridade Social.

Efectos para os cidadáns. Creouse na Sede Electrónica da Seguridade Social, como medio oficial de publicación, mediante edictos e anuncios, das notificacións ós cidadáns de actos administrativos dictados no ámbito da Seg. Social, nos seguintes supostos: Cando os interesados sexan descoñecidos; Cando se ignore o lugar de notificación ou medio polo que ha de practicarse; Cando intentada a notificación na Sede Electrónica ou no domicilio dos interesados, ésta non se puidese practicar.

A publicación neste Tablón dos edictos correspondentes a notificacións dos actos administrativos da Seguridade Social, surtirá efectos de notificación ós interesados sen que sexa necesaria publicación en ningún outro tablón ou boletín oficial. Os edictos manteranse publicados 20 días naturais, transcorridos os cales entenderase que a notificación foi practicada e continuarase co procedemento. Finalizado este prazo, iniciárase o cómputo dos prazos para a interposición de reclamación e recursos.

Solicitude de devolución de Gasóleo Agrícola/Gasóleo Profesional

Está aberto o prazo para a solicitude de devolución das cotas do Imposto sobre Hidrocarburos satisfeitas ou soportadas con ocasión das adquisicións de gasóleo bonificado.

Poden solicitar dita devolución os agricultores e gandeiros ou os titulares de vehículos con actividade de transporte, que no ano 2010 usaran gasóleo bonificado para uso agrícola ou profesional.

Para o gasóleo agrícola é necesario que estén inscritos no Censo de Empresarios, Profesionais e Retedores, e para o gasóleo profesional hai que seguir os seguintes pasos:

Inscribirse no censo de beneficiarios, pagar con unha tarxeta gasóleo profesional para os repostaxes realizados nunha estación de servizo, e cando se trate de suministros realizados en instalacións de consumo propio, dar de alta as mesmas e presentar a relación dos suministros realizados.



MELIDE

Ánxeles Vázquez acada a maioría abosluta e pon punto e final a catro anos de goberno progresista

O PP foi a lista máis votada en 14 das 15 mesas do concello e arrebatou dous edís ao BNG

Cea di estar “orgullosa do traballo feito” ao longo da lexislatura que agora remata

Todas as quinielas prevían resultados moi igualados entre as dúas forzas maioritarias en Melide, PP e BNG. Pero só cos primeiros votos escrutados xa se soubo que ía haber cambio no goberno local. Os votantes falan claro e outorgaron ó PP a maioría absoluta. A candidatura encabezada por Ánxeles Vázquez foi a lista máis votada en 14 das 15 mesas que había en todo o concello. Só foi superado polo BNG nunha das mesas do casco urbano.

Con algo máis do 55% dos votos, os populares obtiveron

8 actas, dúas máis que nas anteriores municipais. Dous edís que lle arrebataron ao BNG, que sufriu un importante descenso no número de apoios ao obter o 32,32% dos votos.

O PSOE mantivo os resultados e conserva o edil que tivera durante a lexislatura que agora remata.

Valoracións

Ánxeles Vázquez celebrou a vitoria acompañada de multitude de simpatizantes. Na noite electoral daba grazas ao pobo de Melide pola confianza recibida e prometía traballo para dar un novo impulso ó concello.

Pola súa banda, a alcaldesa en funcións, Socorro Cea, lamentaba a falta de apoios necesarios para acadar a maioría absoluta. Non obstante, amosábase “moi tranquila e orgullosa de todo o traballo realizado. Aínda que o pobo non valorou a nosa labor como tiñamos previsto, as moitas obras que se fixeron quedan para a posteridade e os veciños seguirán dándolle uso”.

Nas filas socialistas, Manuel Prado, aceptaba con deportividade os resultados, que son froito “do xogo democrático”. Aínda así, os socialistas melidenses lamentaban a falta de “poucos votos” para conseguir

o tan agardado segundo edil para a formación.

Novo goberno

A alcaldesa electa asegurou días antes da toma de posesión que “aínda non temos pechada a estrutura e composición do goberno”. Dixo que dende o goberno en funcións non se puxeron en contacto para facer o traspaso de poderes, se ben, Socorro Cea confirmou que nos días previos á toma de posesión manterán unha xuntanza para explicar a situación na que se atopa cada área. A toma de posesión será o sábado 11, ás 12.00 horas.

No relativo ao reparto de concellarías, Vázquez asegurou “ter claro” que José Luis Arias Lodeiro será o encargado de Facenda e que haberá un departamento de Xuventude, que dirixirá Dalia García Couso. O resto de áreas “dependarán da disposición e do tempo que poida adicar cada un dos edís”, indicou Vázquez.

A futura alcaldesa tampouco ten pechado o número de dedicacións exclusivas que vai haber no goberno. “Non van ser catro, como agora”.

Compromisos do programa

Vázquez recalcou que mantén os compromisos que adquiriu



Ánxeles Vázquez recibindo felicitacións na noite electoral

na campaña, entre eles o de reducir un 30% o gasto en persoal político, “incluídos aseso-

res” e o de realizar unha auditoría para comprobar o estado das arcas municipais.

RESULTADOS 22-M

PP	2.755 votos (sube 312) - 8 edís
BNG	1.615 votos (baixa 543) - 4 edís
PSOE	545 votos (baixa 46) - 1 edil
Nulos	109 votos
En branco	82 votos
Abstención	1.831 (26,39%)

A NOVA CORPORACIÓN

Partido Popular

María Ánxeles Vázquez Mejuto
María Rosa Cabado Rodríguez
Santos López Novo
María Dolores Gómez Neira
José Luís Arias Lodeiro
María Jesús López Mourón
Benito Nebrija Loureiro
Dalia García Couso

Bloque Nacionalista Galego

María Socorro Cea Vázquez
José María Santín Amo
Xosé Iglesias García
Jesús Somoza López

Partido Socialista Obrero Español - PSdeG

Manuel Prado Puga

MESA	PP	BNG	PSdeG
Melide 1-A	212	146	54
Melide 1-B	206	156	59
Melide 2-A	216	142	30
Melide 2-B	263	156	29
Melide 3-U	214	231	34
Melide 7-A	160	126	41
Melide 7-B	204	139	47
Baltar	92	52	15
Moldes	105	42	11
Campos	103	42	27
Santalla	108	32	23
Furelos	146	66	28
Cazallas	315	179	60
Folladela	180	57	47
Maceda	231	49	40
Total	2.755 (55,13%)	1.615 (32,32%)	545 (10,91%)



SANTISO

PSOE, BNG e IS acadan un pacto salpicado polas presións e ameazas para apartar do poder ao PP

Suárez (PSOE) e Adán (BNG) repartirán a alcaldía, con Curros como tenente

Leiva asegura non ter “ansias de poder” e asume o seu novo cargo na oposición



Fernando Suárez (PSOE) gobernará os primeiros dous anos



Manuel Adán (BNG), no centro, será o segundo alcalde

Os resultados do 22-M non deixaron contento a ningún dos catro partidos que concorreron ás eleccións en Santiso. O PP agardaba obter maioría absoluta, mentres que BNG, PSOE e Independentes por Santiso (IS) prevían recabar máis apoios dos que finalmente obtiveron.

Finalmente, o PP fíxose con catro actas de concelleiros, o BNG e o PSOE con dúas cada un, e os independentes obtiveron un edil.

A mesma noite electoral xa se forxou o acordo entre BNG, PSOE e IS para formar un pacto de goberno e apartar da alcaldía ó PP. Un acordo “por necesidade” que non está exento de polémica, xa que os partidos denunciaron a existencia de presións e ameazas para formalizar o acordo.

Os casos de transfuguismo están moi presentes na memoria dos veciños de Santiso. A desconfianza no destino final do voto facía prever unha alta abstención, pero finalmente

non ocorreu así. Nos comicios do 2007 a abstención acadou o 33%, mentres que o 22-M a porcentaxe de electores que non acudiron a votar non chegou ó 15%.

Pacto de goberno

Nacionalistas, socialistas e independentes, deron a coñecer, varios días antes da toma de posesión, a existencia dun documento notarial no que facían o reparto de poder. O cabeza de lista do PSOE, Fernando Suárez, será quen tome posesión como alcalde o 11 de xuño. Transcorridos dous anos de mandato, cederá o seu posto a Manuel Adán, candidato do BNG. A representante de IS terá a tenencia de alcaldía ó longo de toda a lexislatura.

O novo goberno traballa agora sobre o reparto de concellerías e das adicacións exclusivas. “Aínda non temos nada decidido, pero as conversacións avanza”, aseguraron. Se-

gundo confirmaron os representantes dos tres partidos, tódolos pormenores recolleranse noutro documento que tamén certificarán ante notario.

Non obstante, aínda que se faga un reparto das áreas de goberno, as decisións máis trascendentais serán acordadas entre as tres forzas, tal e como explicaron.

PSOE, BNG e IS quíxanse de que o goberno saínte non mantivo “ningún contacto” para levar a cabo o traspaso de poder.

Sen “ansias de poder”

Dende o PP, o cabeza de lista e alcalde en funcións, Ovidio Leiva, valorou o feito de ser “a lista máis votada con diferenza”, aínda que o resultado foi “negativo”. “Esperabamos outro resultado por todo o traballo que fixemos. O pobo de Santiso non valorou o noso traballo como tiñamos previsto”, lamentou Leiva. “Fixé-

ronse moitas cousas que nunca se fixeran”, asegurou.

Leiva afirmou non ter “an-

sias de poder” e amosouse conforme con ocupar o seu posto na oposición.

RESULTADOS ELECTORAIS 22-M

PP	625 votos (baixa 97) - 4 edís
BNG	343 votos (sube 143) - 2 edís
PSOE	329 votos (baixa 24) - 2 edís
IS	142 votos - 1 edil
Nulos	15 votos
En branco	11 votos
Abstención	258 (14,97%)

A NOVA CORPORACIÓN

Partido Popular

Ovidio Leiva Pereiro
Manuel Suárez Frade
José Manuel Sexto Torreiro
Matilde Pallares Cagide

Partido Socialista Obrero Español - PSdeG

Fernando Suárez Cortiñas
Daniel Roibás Mouriño

Bloque Nacionalista Galego

Manuel Adán López
Pablo Balboa Oro

Independentes por Santiso

Mª Carmen Curros Mendoza

MESA	PP	BNG	PSOE	IS
Arcediago	225	23	155	27
Novela	181	68	69	60
Visantón	219	252	155	55
Total	625 (43,10%)	343 (23,66%)	329 (22,69%)	142 (9,79%)



SOBRADO

Sobrado comeza a cuarta lexislatura consecutiva do PP, co ascenso do BNG e a caída do PSOE

Santos promete contacto directo cos veciños para atender ás súas necesidades

Os socialistas quedan sen representación na corporación municipal

Jacobo Fernández García será por cuarta lexislatura consecutiva o alcalde de Sobrado dos Monxes. O PP acadou de novo a maioría absoluta no municipio, conseguindo un total de 951 votos, o que lle permite facerse con 7 edís dos 11 que ten a corporación municipal.

Acudiron a votar 1.669 dos 1.926 habitantes censados no concello, o que reflicte unha elevada participación, do 86,66%. A porcentaxe de abstención foi do 13,34%, cun total absoluto de 257 persoas que non exerceron o seu dereito ó voto.

Respecto ás eleccións municipais de 2007 destaca o aumento da participación, que por aquel entón se situaba ó 70,79%; e o correspondente descenso da abstención, que acadaba o 29% hai catro anos.

Novas caras no PP

O PP foi o claro gañador destes comicios, ao obter o 57,43% dos votos. O partido que lidera Jacobo Fernández perde apoios con respecto ás

anteriores mupais, cando obtivera o 59% dos votos. Aínda así, os populares manteñen o mesmo número de concelleiros.

Pese a manter o bastón de mando, o alcalde de Sobrado non accedeu a facer unha valoración dos resultados obtidos para este xornal.

O grupo popular estreará caras novas esta lexislatura. En concreto, o número tres da lista, Ángel Coego, e o edil que ocupou o sétimo posto na candidatura, Ángel Veiga.

Ascenso do BNG

O reconto de papeletas deixou un destacable ascenso do BNG, encabezado por Lisardo Santos, que pasa de ter tres concelleiros a catro. En termos porcentuais, os nacionalistas obtiveron oito puntos máis que nas anteriores eleccións, ao pasar do 26,72% ao 34,12%.

Santos afirmou que os resultados foron “moi bos, tendo en conta que o PP gañou en moitos concellos da zona”. Asegura que o motivo do seu ascenso foi “o intenso traballo que se realizou dende hai unha boa tempada e se intensificou durante a campaña”.

Respecto ao traballo do BNG de cara á lexislatura que comeza, Lisardo Santos asegura que manterán o contacto directo cos veciños. “Intentaremos ter reunións coas distintas parroquias para trasladar as súas necesidades aos plenos”. Neste senso, recalca que terán que facer propostas “moi estudadas e meditadas, que sexan boas e viables, que se poidan levar a cabo”. Santos amósase confiado en que, a pesar de estar en clara minoría con respecto ao PP, os conser-



Lisardo Santos durante un mítin de campaña celebrado en Sobrado

vadores teñan en conta e acepten as súas propostas.

O PSOE queda sen edil

Pola súa banda, o PSOE sufriu o castigo dos votantes e quedou sen representación na corporación municipal. Obtivo o 7,85% dos votos. Con 130 papeletas, quedou ás portas de manter a acta de concelleiro.

A voceira socialista, Alejandra Fernández, asegurou que “el resultado no fue el esperado, pero es el que tenemos que asumir”. Dixo que o descenso veu motivado polos “problemas económicos del país, el fallecimiento de alguno de nuestros votantes más fieles o las estrategias que utilizan desde otros partidos para comprar el voto”.

Pese ós malos resultados, Fernández seguirá no cargo. “Cuando las cosas fallan lo im-

portante no es abandonar el barco, si no llevarlo a buen puerto”. Deste xeito, prometeu unha oposición “constante” e reforzar a actividade, dándolle a maior difusión posible.

“Conseguimos arreglar muchas cosas, pero los votantes atribuyen el mérito al gobierno, que es el que luego se lleva los réditos electorales”, lamenta Fernández.

RESULTADOS ELECTORAIS 22-M

PP	951 votos (baixa 108) - 7 edís
BNG	565 votos (sube 87) - 4 edís
PSOE	130 votos (baixa 49) - 0 edís
Nulos	13 votos
En branco	10 votos
Abstencións	257 (13,34%)

A NOVA CORPORACIÓN

Partido Popular

Jacobo Fernández García
José Antonio Espiño Rodríguez
Ángel Coego Bahamonde
José Ovidio Cabanas Rodríguez
José Antonio Sánchez Cabanas
Esteban Ramos Seoane
Ángel Veiga Abad

Bloque Nacionalista Galego

Luis Lisardo Santos Ares
Manuel Cotos Fernández
José Antonio Veiga Sánchez
Alfonso Ríos Santos

MESA	PP	BNG	PSdeG
Carelle	105	66	18
Nogueira	122	67	17
As Cruces	158	132	29
Dombrete	159	68	11
Mesón	161	85	37
Porta	246	147	18
Total	951 (57,43%)	565 (34,12%)	130 (7,85%)



TOQUES

PP, XCPT e BNG manteñen a incógnita dun pacto a dous ata o último minuto, co PSOE fóra de xogo

A alcaldía é o principal escollo entre BNG e XCPT, que non son partidarios de unirse ao PP

Castro Fraga prefire “unha oposición digna a un mal acordo de goberno”

As eleccións municipais deixaron en Toques un escenario aberto, ao non conseguir a maioría absoluta ningunha das catro formacións que concurrían ós comicios.

O PP foi a formación que obtivo o maior número de votos, cun 42% do total. Foi a lista máis votada nas tres mesas instaladas no municipio. A candidatura independente de Xuntos Cara o Progreso de Toques, liderada por José Antonio Castro Fraga, logrou sacar tres edís, ao recibir un 33% dos apoios. O BNG experimentou un ascenso, que se traduciu na consecución dunha segunda acta na corporación. Pola contra, a lista do PSOE, que recibiu o 5,73% dos votos, queda sen representación no concello toquense.

Valoración dos resultados
O cabeza de lista do PP, Jorge Calvo, limitouse a dicir que os resultados obtidos foran “moi positivos”.

Pola súa banda, o alcaldable por XCPT, José Antonio Castro Fraga, asegurou que a previsión do seu grupo era “acadar a maioría ou gañar as



José Antonio Castro (XCPT)



José Ángel Penas (BNG)



Jorge Calvo (PP)

eleccións”.

Para José Ángel Penas, o representante do BNG, os resultados foron “moi bos, tendo en conta a situación política de Toques”. “O BNG vai ter un bo papel na próxima lexislatura”, afirmou.

O candidato á alcaldía polo PSOE, Emilio Ares, lamentou a falta de “30 votos” para acadar a acta de edil. “Contábamos con sacar uno, pero en 15 días no puedes cambiar el mundo”. Ares fai referencia á situación do partido en Toques, que tivo que cambiar o cabeza de lista debido a asuntos persoais do anterior candidato. Ares agradece “a todo el pueblo el haber escuchado nuestras propuestas”.

Pacto de goberno

Así as cousas, e con estes resultados tan fragmentados, as tres formacións que lograron representación iniciaron os contactos de cara a formar un goberno de coalición. Tódolos grupos, segundo confirmaron

os cabezas de lista, tiveron contactos entre si. Non obstante, as opcións de goberno máis factibles son o pacto entre XCPT e BNG ou PP. Castro Fraga afirma estar “aberto a tódalas opcións”.

Na semana previa á da toma de posesión sucedéronse as reunións entre os partidos. Pero a tres días da formación do novo goberno aínda non hai nada decidido.

O representante de XCPT amósase máis partidario de formar goberno cos nacionalistas que co PP. “Esiximos proporcionalidade cos resultados electorais”. Isto significa, que de pactar co BNG, terían a alcaldía por un período de 28 meses, mentres que de ser co PP serían 20 os meses á fronte do consistorio.

A alcaldía semella ser o escollo máis importante á hora de asinar un acordo. O candidato nacionalista confirmou que o partido pactará para ter a alcaldía durante toda a lexislatura, “a non ser que as nego-

ciacións sexan moi claras”. Ante isto, Castro recalca que, “se a oferta do BNG non é boa para nós, preferimos quedar

na oposición. Preferimos unha oposición digna que un mal acordo”. As súas negociacións co PP están “estancadas”.

RESULTADOS ELECTORAIS 22-M

PP	455 votos (sube 195) - 4 edís
XCPT	360 votos (baixa 163) - 3 edís
BNG	202 votos (sube 69) - 2 edís
PSOE	62 votos (baixa 216) - 0 edís
Nulos	7 votos
En branco	3 votos
Abstención	122 (10,07%)

A NOVA CORPORACIÓN**Partido Popular**

Jorge Francisco Calvo Pestonit
Arturo Penas Prado
José Antonio Castro Casanova
Ana Mato Salgado

Xuntos Cara o Progreso de Toques

José Antonio Castro Fraga
Mónica Penas González
José Miguel Frade Prado


Bloque Nacionalista Galego

José Ángel Penas García
Marcos Villamor Álvarez

MESA	PP	XCPT	BNG	PSOE
Paradela	177	133	79	15
Souto	146	115	88	22
Villamor	132	112	35	25
Total	455 (42,05%)	360 (33,27%)	202 (18,67%)	62 (5,73%)



MESAS	PP	BNG	PSOE
1-A	212	146	54
1-B	206	156	59
2-A	216	142	30
2-B	263	156	29
3-U	214	231	34
7-A	160	126	41
7-B	204	139	47
ZONA URBANA	1475	1096	294
MOLDES	105	42	11
CAMPOS	103	42	27
BARREIRO	108	32	23
FURELOS	146	66	28
CAZALLAS	315	179	60
FOLLADELA	180	57	47
MACEDA	231	49	40
BALTAR	92	52	15
ZONA RURAL	1280	519	251
TOTAL	2.755	1.615	545



Logo da victoria por maioría absoluta nas eleccións municipais, O Partido Popular de Melide iniciará o seu traballo para levar adiante as propostas de goberno que todos xa coñecedes.

Agardamos que os nosos proxectos sexan considerados como unha aposta de futuro e de compromiso con Melide.



GRAZAS MELIDE

MOBLES ARES



Mobles Ares acometeu unha reforma integral do seu edificio matriz, na Ronda da Coruña, 62.



Mobles Ares,
única firma galega
integrada en
INTERMOBIL,
grupo de compra
a nivel nacional



Mobles Ares é
unha das 35 firmas
asociadas en
Galega do Moble



**3.000 m² de exposición
no corazón de Melide**

**ABERTO
OS DOMINGOS
DE 10.00 A 14.00 H**



Exposición no novo edificio na rúa Florentino López Cuevillas, 12

MOBLES ARES
Tfno: 981 50 55 64

**Ronda da Coruña, 62
Florentino López Cuevillas, 12
15800 MELIDE (A Coruña)**

Cea di que actuou movida “sempre polo interese xeral” no caso da depuradora

Amósase
“convencida”
de que o PP
“terá que pedir
desculpas”

A alcaldesa en funcións de Melide, Socorro Cea, prestou declaración o pasado 25 de maio nos xulgados de Arzúa a raíz da denuncia interposta polo PP de Melide sobre o caso da depuradora do polígono industrial da Madanela.

Cea foi a única dos imputados que prestou declaración, xa que o resto -o tenente de alcaldesa e catro membros da Xunta de Goberno Local- acolléronse ao seu dereito a non declarar.

A rexedora en funcións informou persoalmente da súa declaración na súa conta dunha rede social. Asegurou ter actuado “sempre movida polo interese xeral e seguindo sempre as indicacións da Consellería de Industria recollidas no correo electrónico recibido



Terreos onde se ía instalar a depuradora.

no Concello en data do 10-12-2009”. Cea explicou que este documento indicaba os pasos que deberían seguir para que Melide non perdiera a subvención concedida, cuxo montante ascendía a 437.000 euros. Asimesmo, recalcou que o Concello “non percibiu nin un só céntimo do convenio asinado coa Xunta de Galicia no ano 2008” para a construción da depuradora.

Explicou que na mesma situación que Melide estaban outros seis concellos galegos,

aos que non acudiron os inspectores de Industria.

Cea dixo “lamentar profundamente” que o parque empresarial siga sen depuradora e “en permanente risco as empresas instaladas no mesmo por culpa da denuncia presentada polo PP de Melide”.

Neste senso, amosouse “convencida” de que o PP “terá, máis cedo que tarde, que pedir desculpas públicas pola denuncia presentada contra nós e contra o pobo de Melide hai un ano”.

Nova sinalización no rural



A colocación das novas sinais comezou en Orois

O Concello de Melide puxo en marcha o proxecto de sinalización de tódalas parroquias e aldeas do municipio. Instalaranse máis de 700 sinais que poñerán solución aos problemas de sinalización que pre-

senta o rural melidense. Ademais, colocaranse sinais indicativas de dirección dos principais cruceiros, igrexas, casas grandes, muíños e pazos. O proxecto ten un orzamento de 90.000 euros.

Execútanse melloras en pistas de tres parroquias

O Concello de Melide informou de que se están a executar as obras correspondentes ao PEIM 2010, que supoñen a mellora de varios camiños e pistas en tres parroquias melidenses. Os viais que se reparan son os tramos de A Rata,

na parroquia de Zas de Rei, varios camiños en Requeixo e o que une Eirexe e Golán, na parroquia de San Salvador, e un tramo no lugar das Cazañas, en San Tomé de Castro.

O investimento destas obras ronda os 53.000 euros.

*a.contrapelo
ferrugueiros*

Tfnos. reservas: 981 50 60 03 - 617 17 87 58
Avda. de Lugo, 2-1º - 15800 MELIDE (A Coruña)
E-mail: a.contrapelo@galicia.com

PRODUCTOS ARTESANOS DE CALIDADE

XEBRE

Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade
Novas intalacións en
Rúa San Pedro, 16
Melide

Tenda Tiff/fax: 981505723
Queixería Tiff/fax: 981100252

Balada - Visantóna
15809 Santiso
xebre@telefonica.net

IMPRESA

eligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

Oro Ley

Taller Propio

Rúa de San Pedro, 14
15800 Melide (A Coruña)
Telf. 981 505 468

HC
Hotel Carlos '96
 RESTAURANTE - CAFÉ-BAR
 Tfno.: 981 50 76 33 - Fax: 981 81 53 12
 Avda. de Lugo, 119 - 15800 MELIDE (A Coruña)
 e-mail: gestion@hc96.com
 www.hc96.com

FLORISTERÍA TARRIO

- Productor de toda clase de flores
- Preparamos:
Ramos de Novia,
Coronas, Ramos,
Palmas, Centros, etc.
- Estamos a su servicio en:

Tfno.: 981 50 01 44 - Fax: 981 50 69 06
 Tfnos. móbiles: 666 48 38 48 - 666 40 38 50
 C/ Amador Rodríguez, 7 - 15800 MELIDE (La Coruña)

Jilvela

JOYERÍA - RELOJERÍA
 y
 ARTÍCULOS DE REGALO

Tfno.: 981 50 56 97
 Ronda de la Coruña, 58 - 15800 MELIDE (A Coruña)

MOBLES ARES

Ronda de A Coruña, 43 / Río Florentino López Cuevillas, 13
 Teléfono: 981 50 55 64 - 15800 MELIDE (A Coruña)

**ABERTO OS DOMINGOS
 DE 10:00 H. A 14:00 H.**

LENGERÍA & CORSETERÍA BERENCIELLO

ESPECIAL NOVIAS

RUA DO CONVENTO Nº2
 TLF: 661 81 59 76



**PARA A TÚA VODA...
 MERCA
 EN MELIDE**

Silvia Novias
 Ronda de Pontevedra, 43 Bajo
 15800 MELIDE (A CORUÑA)
 Tfno./Fax: 981 50 71 74
 e-mail: silviaenovias@yahoo.es

REPORTAJES FOTOGRÁFICOS E
 VIDEOGRÁFICOS DE BODAS,
 COMUNIÓN E BAPTIZOS.

UN REGALO PARA A MEMORIA.

IMAXINA
 FLORENTINO L. CUEVILLAS Nº 4 BX
 981 815 549 - 687 172 344

moda

Tfno.: 981 942 415
 Ronda de La Coruña, 58
 15800 MELIDE (A Coruña)

Santín & Anno

Estética - Solarium
 Centro cosmético y bienestar
 15.900150126 (A Coruña)
 Telfs: 650 45 65 75 - 650 37 04 49
 melmes@telefonos.com

Q' me compro Carola Moda

MODA JUVENIL

Tfno.: 981 50 51 49
 Alejandro Borda, 10
 15800 MELIDE (A Coruña)
 Tfno.: 981 50 73 28
 Alejandro Borda, 10
 15800 MELIDE (A Coruña)
 Tfno.: 982 37 72 30
 Berdo Vázquez, 7
 21002 MONTERO (Lugo)

Calzados Broz
 Home, muller e nenos

MELIDE (a Coruña)

Camiño de Ovedo, 13 - tlf. 981 50 51 60

Manuel MODA

Trajes de cerimonia

Teléfono: 981 50 73 77
 Ronda da Coruña, 68 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Pulligan FLORENTINO GENFINS



IMPRESINDIBLES DEL PEREGRINO



PALAS DE REI



Vilar de Donas

PENSION VILARIÑO



AVDA. COMPOSTELA, 16
PALAS DE REI (LUGO)
pensionvilariño@gmail.com
www.pensionvilariño.es.tl

TEL.: 982 38 01 52
FAX: 982 38 09 73



Castelo de Pambre

MELIDE

CASA DE LOS SOMOZA
TURISMO RURAL



CASA DE LOS SOMOZA

Tfno.-fax: 981 50 73 72 • Móvil: 687 59 20 90
Coto - Leborio - MELIDE (A Coruña)

MESÓN O TOXO



Rúa Codeseiro, 45 - 15800 MELIDE (A Coruña) - Tfno.: 981 50 63 73

Estamos en:
Calle La Paz, 1 Baje
MELIDE

Cafetería BUJAN

HOSPEDAJE
Telf: 682 728 620

Comidas Caseras
Menú especialidad de la casa

HOTEL Restaurantes

Xaneiro

PX **HX**

Pensión Xaneiro, s.l.
Tel: 981 50 50 15
San Pedro, 22 - Melide

Hotel Xaneiro, s.l.
Tel: 981 50 61 40 - Fax: 981 50 71 99
Avda. de la Habana, 43 - Melide

RESERVACIONES CON INICIATIVA • CANTACIÓN • A RE. ACCOMMODATING
TAXI • HAB. PARA MINUSVÁLIDOS • TELEFONOS EN TODAS LAS HABITACIONES
COPR • ACCESO A INTERNET • WIFI EN TODAS LAS HABITACIONES

www.xaneiro.com hotelxaneiro@onk.es

ANÚNCIATE NO CERNE

O xornal da Terra de Melide

663687322
981506188

adolfo2007adolfo@hotmail.com
info@asetem.com

ARZÚA

mesón
restaurantes

VENUS



Teléfono 981 500 583
Móvil 629 509 152
Fax 981 501 042


15810 Arzúa (A Coruña)
E-mail: arzuazap@hotmail.com
www.venusarzu.com



Ribadiso

Europa



Pulpería - Parrillada



Reservas
Comidas para llevar
telf. 679 70 76 19
telf. 639 409 226
telf. 981 938 872
Luis Seoane, 3
15810 - Arzúa (A Coruña)

www.parrilladaeuropa.com
parrilladaeuropa@gmail.com

IMPRESCINDIBLES DEL PEREGRINO EN MELIDE



Ponte románica de Furelos



Centro da vila



Praza do Convento

50º ANIVERSARIO
Pulpería EZEQUIEL e hijos
Por nuestros clientes y calidad nos conocen en todo el mundo

Tfno./Fax: 981 50 52 91
Móvil: 686 58 33 78
Ctra. de Lugo, 48
15800 MELIDE (A Coruña)

Pousada Chiquitín

- Almorzos
- Menú do día
- Unha carta con pratos moi variados
- Habitacións
- Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE (A Coruña)
www.pousadachiquitin.es • info@pousadachiquitin.es

Albergue Turístico

Albergue Turístico O Apalpador

Rúa San Antón, 22
15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno. reservas:
879 837 989
(por correo electrónico)

albergueoapalpador@hotmail.com
www.albergueoapalpador.com

Camas Comidas

PARRILADA EL MOLINO

Habitaciones con:
Calefacción
Televisión
Baño

Rosalía de Castro, 15. Telf.: 981 50 60 48 MELIDE (A Coruña)

Pulpería A GARNACHA

Mov: 605 883 268
Camiño Vello de Santiago, 2 - Melide (A Coruña)
e-mail: garnachamelide@gmail.com

Yo he dejado mi huella en Melide y en Pulpería "A GARNACHA" me acordaré de ti

Especialidades:
desayunos
Bocadillos calientes
y tapas

STOP
Wineoteca
Calle San Antón, 3
15800 MELIDE

RESTAURANTE - PULPERIA Almagro II

Especialidade en
cacha galega tradicional
desde 1992

PORCO EMBECADO E PULPERIA
PULPO - HACIENDO - COCIDOS (por encargo)
CARNE DE BOTA E PERRA

Ayda de Lugo, 22
MELIDE (A Coruña)

Tel: 981 50 75 18
Móvil: 619 36 00 00

Cafetería IVORY

DESAYUNOS - TAPAS - RACIONES

Tfno.: 981 50 70 05
Cantón de San Roque, 1

15800 MELIDE
(A Coruña)

CAFETERIA CHAPLIN

25 ANIVERSARIO
1986 - 2011

A área de rehabilitación das rutas a Santiago permitirá mellorar vivendas de tres concellos da zona

As axudas poden chegar ao 75% do orzamento, cun límite de 5.000 euros

Os veciños de tres dos concellos da comarca -Melide, Sobrado e Toques- poderán solicitar axudas para a rehabilitación das súas vivendas ao aprobarse recentemente a área de rehabilitación dos Camiños de Santiago para as sete principais rutas que teñen a súa meta en Compostela.

Para acceder ás axudas, as vivendas deberán estar no trazado do Camiño ou dentro do perímetro das parroquias polas que transcorre a ruta, segundo informou a Conselle-

ría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Asímismo, deberán ter unha antigüidade superior a dez anos e estar destinadas a domicilio habitual e permanente do propietario ou a alugueiro, polo menos durante cinco anos despois do remate das obras de rehabilitación.

A subvención, que será a fondo perdido, poderá acadar ata o 75% do orzamento, cun límite de 5.000 euros por vivenda.

Os concellos tamén poderán acceder a axudas para a rehabilitación de espazos públicos, nas condicións que fixe o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) -organismo no que se solicitarán as axudas na convocatoria, que está previsto se publique antes do verán, informou a Xunta.

Miles de vivendas

Segundo os datos publicados pola Xunta de Galicia, no concello de Melide son case 3.400 as vivendas que poderían acollerse a estas subvencións. A área de rehabilitación abarca o trazado do Camiño ao seu paso polo casco urbano -parroquia de San Pedro-, e todo o territorio das parroquias de Abeancos, Os Ánxeles, Furelos, Santa María de Melide, As Varelas, Campos, O Barreiro, O Leboeiro, O Meire, Vitoriz e Grobas.

No concello de Toques, polo que discorre o Camiño Primitivo -ao igual que no concello de Sobrado-, as parroquias que nas que poderán facerse obras de rehabilitación subvencionables son a da Capela, Mangueiro, Monte, Oleiros, Villamor, Vilouriz e Brañas.

Sotrega, unha firma melidense experta na recollida de vidro



Sotrega é unha firma adicada á recollida e transporte de vidro para a súa reciclaxe. Juan Carlos Varela Varela, veciño de Melide, é o responsable actual da empresa dende finais de agosto do 2008.

Sotrega, con máis de 15 anos de antigüidade, ten a concesión para as actividades que desenvolve nuns 20 concellos, entre os que se atopan os de Melide, Santiso, Toques, So-

brado, Palas de Rei, Antas de Ulla e Vilasantar.

Varela asegura que o negocio non é alleo á crise, xa que lle inflúe o descenso xeralizado do consumo das familias.

Recalca que os cidadáns deben concienciarse da importancia da reciclaxe, non só en canto ao aspecto económico senón tamén pola repercusión na natureza, o que é beneficioso para toda a sociedade.

Ducias de persoas celebran en Sobrado o Día da Bicicleta



Unhas 70 persoas participaron o 5 de xuño en Sobrado na sexta edición do Día da Bicicleta, facendo un percorrido de 12 km por varios puntos do

concello. Pasaron pola lagoa, a área recreativa de Pontepedra, Vilanova e a Fraga. O participante máis novo tiña 4 anos e o veterano chegaba aos 75.



· Xestor de residuos autorizado pola Xunta de Galicia, nº 97
· Recollida e transporte de vidro e outros R.S.U.

J. Carlos Varela Varela

Piñeiro - Maceda
15800 MELIDE (A Coruña)
Tfnos.: 669 892 384 - 607 308 512
sotrega.vidrio@gmail.com
Fax: 981 505 649

MEDRA EN VERDE S. Coop. Galega

Solucións agrícolas, gandeiras, forestais e medioambientais
Servizos técnicos de enxeñaría, consultoría e formación
Ocio e lecer, granxa escola e campamentos de verán

ESCOLA DE AGRICULTURA ECOLÓXICA
VILASANTAR - A CORUÑA

Tfn: 981.777.461
www.medraenverde.com

TESLA Enxeñaría e Proxectos

HAZ O SEU PRESUPUESTO SEN COMPROMISO

- Locais Comerciais e Licenzas de Actividade
- Instalacións Eléctricas e de Iluminación
- Instalacións de Ventilación e Climatización
- Proxectos de Eficiencia Enerxética
- Estudos de Impacto Ambiental
- Xestión de Trámites e Subvencións
- Consultoría Técnica en Calidade, Medioambiente e Prevención de Riscos
- Fichas Técnicas de Vehículos de Importación

Isabel Costoya Vázquez. C/ig. 2928 Tlf: 670.463.603 e-mail: icv2928@caeticor.net
Alberto Blanco Penas. C/ig. 3065 Tlf: 699.993.851 e-mail: albp3065@caeticor.net

ENXEÑERÍA TÉCNICA INDUSTRIAL - SANTIAGO DE COMPOSTELA - MELIDE

Melide estreou o auditorio da Casa da Cultura o Día das Letras

Máis de 300 veciños renderon homenaxe a Lois Pereiro

O auditorio da Casa da Cultura de Melide abriu as súas portas nunha data especial, o 17 de maio, Día das Letras Galegas, para render homenaxe ao poeta Lois Pereiro.

Foron máis de 300 as persoas que participaron nos actos, segundo os cálculos do Concello de Melide. Na celebración léronse varios poemas e fragmentos de textos do escritor homenaxeado.

Tamén houbo música, a cargo do grupo local de música tradicional Herba Grileira e dos solistas Patricia Méndez e Xoán Curros, que interpretaron cancións sobranceiras de autores galegos.

As persoas que encheron o auditorio para esta celebración amosaron a súa admiración polo imponente escenario e a boa calidade de son que ten o novo recinto cultural.



Actuaron o grupo Herba Grileira e Patri Méndez e Xoán Curros



O público ateigou a sala na homenaxe a Lois Pereiro

Abre o novo Sapo Lambón



Álex Seoane e Sonia Valiño, os propietarios do Sapo Lambón

A segunda Cervexería-Tapería O Sapo Lambón abriu as súas portas o pasado 27 de maio. Ubicada no número 3 da rúa Taboada Roca de Melide, este novo establecemento ofrece unha variada carta de ensaladas, hamburguesas, montaditos, enrollados ou bocadillos.

Unha das especialidades do local, decorado cun deseño moderno e acolledor ao mesmo tempo, son as arepas venezolanas, que se poden degustar con varios recheos.

Mais un dos pratos que máis está a gustar a numerosa clientela que xa ten o bar son as hamburguesas elaboradas a

partir de tenreira ecolóxica. “Están a ser un auténtico éxito. Os que as probaron din que é unha carne moi xugosa, que ten moi bo sabor”, explica Sonia Valiño, que xunto con Álex Seoane rexenta o local. A parella está moi satisfeita coa acollida que está a ter o bar.

O Sapo Lambón tamén ofrece almorzos e ten unha ampla variedade de cervexas da casa Mahou, así como tamén dos mellores viños.

Nos próximos días estrearán unha carta de zumes naturais. Tamén teñen previsto elaborar tortiñas con nata e chocolate para as fins de semana.

Máis dun cento de cabalos percorreron a comarca



A ruta comezou en Melide e tiña un percorrido de 30 qm

Uns 140 cabaleiros a lombos dos seus cabalos pasearon por varios puntos da comarca na I Ruta Cabalar da Terra de Melide, que se celebrou a comezos de maio.

A excursión, organizada pola asociación ‘Cabaleiros de Melide’ partiu do casco ur-

bano melidense, para subir aos montes do Bocelo e posteriormente descender ata a aldea de Furelos e chegar de novo a Melide a través do Camiño de Santiago. En total, uns 30 quilómetros de percorrido por paraxes naturais, lonxe do asfalto.

Escolares de Melide correron en prol da lingua

O alumnado do IES de Melide e o dos tres colexios da vila participaron a finais de xuño na XI edición do Corremelide, unha carreira que vencella deporte e lingua. Os participantes citáronse ás 11 da mañá na Praza do Convento -punto de partida e meta da carreira- para percorrer un circuito pechado polas rúas do casco histórico melidense.

Nesta edición tamén participaron escolares dos centros de Toques e Visantoña.

Ó remate da carreira e coa entrega de premios -para as categorías de benxamín, alevín, infantil, cadete de 3º de ESO, cadete de 4º de ESO e xuvenil- unha representante do alumnado leu un manifesto no que renovou o compromiso da comunidade escolar coa lingua galega, feito que é o eixo desta particular carreira.

O colectivo Enfócame ofrece obradoiros de fotografía

A asociación melidense Encontros fotográficos e culturais de Melide (Enfócame) prepara a impartición de varios obradoiros de fotografía.

Este colectivo, que se fundou en decembro de 2010, xa leva feitas varias actividades, entre as que destaca un concurso mensual de fotografía ou varios obradoiros sobre composición, retoque de fotos velas ou sobre fotografía

deportiva ou nocturna. O grupo ten previsto organizar unha exposición sobre o Campeonato Galego de kaiak extremo nas próximas datas.

No mes de xuño, o sábado 18 ofrecerán un obradoiro de maquillaxe dixital con Photoshop. Para obter máis información pódense consultar as páxinas www.enfocame.es ou www.asociacionenfocame.blogspot.com.



A Escola Ayude segue imparabile

Consegue o primeiro posto na liga galega de loitas olímpicas en idade escolar

Mellor clube na primeira copa Deputación da Coruña, que tivo lugar en Melide

Suma e segue. É o que pode dicirse da traxectoria da Escola Ayude de Melide. Despois de proclamarse líder do torneo nacional de kick-boxing o pasado mes de marzo, maio tamén foi exitoso para o clube, liderado por Jose Ayude.

A comezos de mes asistiron á segunda fase da liga galega de loitas olímpicas en idade escolar, que se disputou en Santiago. Como soe ser habitual, a Escola Ayude gañou a competición, o que lle permitiu sumar máis puntos e situarse nunha posición preferente para alzarse co campionato autonómico.

Nesta cita, debutou o competidor máis novo do clube, Antón Azarov, con tan só cinco anos e 16 quilos de peso, que foi o foco de tódalas miradas do encontro.

Varios deportistas do clube tamén participaron na III Copa Deputación de Ourense de kick boxing, na que se deron cita un total de 180 competidores. A escola melidense logrou seis ouros e o trofeo á mellor deportista infantil feminina.

A última fin de semana de



Equipo que tivo o triunfo na liga de loitas olímpicas escolares



Un momento da I Copa Deputación, celebrada en Melide

maio quedará no recordo dos integrantes da escola como a data na que conseguiron o primeiro posto na liga galega de loitas olímpicas en idade escolar. Á final, celebrada en Lugo, asistiron 200 competidores de 113 equipos.

Dende o equipo destacaron a labor dos deportistas Rubén Simón e Nahum Ayude, que gañaron tódolos enfrontamentos, demostrando a alta calidade técnica que abandeira ó clube melidense.

Copa Deputación

A I Copa Deputación da Co-

ruña de kick boxing celebrouse en Melide o 21 e 22 de maio. O evento contou cunha elevada afluencia de público, que puido comprobar a calidade técnica dos competidores que se deron cita.

A Escola Ayude conseguiu ser profeta na súa terra e acadou o trofeo ó mellor clube. Tamén resultaron premiados tres deportistas. Nahum Ayude como mellor deportista infantil masculino, Cristina Cardeiro na categoría de mellor deportista infantil feminino e Cora Ayude como mellor deportista senior feminino.

Qmáis? cumpliu seis anos



Alberto Buján, no centro, co equipo de camareiros do pub



O pasado 20 de maio, o pub Qmáis? de Melide celebrou o seu sexto aniversario. O local, que rexenta Alberto Buján, estreou nova imaxe nunha noite na que a festa durou ata altas

horas da madrugada. Ata o pub achegáronse dúcias de persoas que quixeron celebrar os seis anos de vida deste pub que é un referente da movida melidense. Parabéns.

Sabia nova para o mítico hospedaxe Continente



Rocío López, Pedro Coego e Silvia García

O restaurante-hospedaxe Continente de Melide reabriu as súas portas cun novo encargado á fronte. El é Pedro Coego Galego, un mozo veciño de Agolada que, a pesar da súa xuventude conta cunha probada experiencia no mundo da hostalería.

Coego formouse na Escola de Hostalería de Santiago e traballou durante varios anos en diversos hoteis da cidade. Tamén impartiu clases sobre este sector.

Agora está á fronte do Continente dende o día 27 de

maio. A especialidade da casa serán os pescados e mariscos das rías galegas e a carne á brasa. Ofrecen menú do día a base de comida caseira, a un prezo de 8,50 euros, e as fins de semana traballan menús especiais e comida á carta. E tamén continuarán co servizo de hospedaxe.

Coego amósame contento coa "boa acollida" que está ter o negocio dende o mesmo día da inauguración, no que estiveron arroupados por familiares, amigos e clientes habituais.

HOSPEDAJE - BAR - RESTAURANTE

Continente

Teléfono: 981 50 61 82
C/. Luis Seoane, 8 - 15800 MELIDE (A Coruña)

A repostería melidense reparte máis de 800 quilos de melindres, ricos e amendoados no seu día grande

Aumento das vendas no día da festa e na semana previa, segundo cifras dos produtores

Aprobado por unanimidade o proxecto de denominación de festa galega de interese

A XX edición da Festa do Melindre e da Repostería Tradicional será recordada como unha das máis exitosas en canto á asistencia de público e ás cifras de vendas.

Segundo indicou a asociación de repostería 'Melide, terra doce' -que integra ás principais casas de tradición reposteira en Melide- o día da festa vendéronse máis de 800 quilos de melindres, ricos e amendoados. Os melindreiros destacaron un incremento elevado da venda durante o propio domingo, pero tamén durante a semana previa á festa, na que aumentaron considerablemente os encargos que recibiron.

Durante o día grande o ambiente festivo, que tivo o seu epicentro na concorrida Praza do Convento, inundou toda a vila. Foron centos de persoas as que se achegaron a degustar os doces tradicionais.

O pregoeiro deste ano, Manuel San Martín -que interpreta a Manuel Cabanas na exitosa serie Libro de Familia- dedicou unhas emotivas palabras á vila, da que dixo que "é o pobo ideal para a gravación de Libro de Familia, porque é un pobo de artesáns, melindreiros, zapateiros e telleiros". San Martín recoñeceu o sabor exquisito dos doces desta terra e recolleu o aplauso de tódolos presentes, en especial dos melidenses, xa que a serie que protagoniza fixo máis coñecida, se cabe, á vila de Melide.



Manuel San Martín, nun momento do pregón



Centos de persoas degustaron os saborosos melindres

Homenaxe e lembranza

A homenaxe ao oficio dos telleiros foi outro dos momentos emotivos da festa. O pedáneo do Leboreiro e dúas mulleres que traballaron nas telleiras de Piñor e Furelos recolleron os agasallos que lle entregou o Concello en representación de tódolos veciños destas tres parroquias. O recoñecemento completouse coa proxección dun documental que rememoraba o traballo nas telleiras e no que participaron os propios veciños contando as súas experiencias neste oficio.

Na festa tamén houbo unha sentida lembranza para a coñecida melindreira 'Concha de Lareo', da Casa Melchora de Melide, que faleceu en datas recentes.

O programa festivo completouse con numerosas actividades para os máis pequenos.

Festa de interese turístico

A corporación municipal melidense aprobou por unanimidade -nun pleno extraordinario celebrado o 20

de maio- o proxecto para solicitar a declaración de Festa galega de interese turístico para a Festa do Melindre, segundo indicaron dende o Concello.

No expediente, presentado polo concelleiro de Promoción Económica, Antonio Díaz, fábase do "arraigamento da elaboración artesanal da repostería, con máis dun século de historia na vila" e destácase a "singularidade e entidade propia", de melindres, ricos e amendoados. Precisamente o rico, é un produto exclusivo da comarca.

O proxecto, que foi remitido á Xunta -que terá que aprobar en Consello a declaración de interese turístico- vai acompañado de cartas de apoio dos tres grupos políticos, así como dos ex-alcaldes melidenses ou de diversos colectivos e asociacións da vial como é o caso de Asetem-Cca.

A declaración de interese turístico abre as portas á concesión de axudas e subvencións para a potenciación da festa gastronómica de Melide.



Os alumnos do Colexio Nº1 de Melide probaron recentemente a súa arte facendo melindres. Estiveron moi atentos ás explicacións que lles deu Alberto Rodríguez, da Casa Estilo, e presidente da asociación de melindreiros 'Melide Terra Doce'. Dende o amasado ata o resultado final, os cativos amosaron as dúas dotes para herdar a tradición reposteira da comarca.

AXENDA XUÑO

-venres e sábados: concurso II Ruta 'Melide de tapas', en 18 establecementos de Melide. Máis información, páx. 4 e 5.

-xoves 9: Xornadas de Comercio. Claves para o éxito comercial. No salón de actos de Asetem-Cca (R/Lino Sexto Sánchez), ás 20.30 horas. Charla aberta a tódolos comerciantes da comarca.

-venres 10: Jazz con Fernández-Salgueiro-Fixel Trío. A partir das 23.30 horas na Fundación, (Avda. de Toques e Friol, Melide)

-do mércores 15 ao xoves 30: exposición 'Los agua-fuertes del Camino de Santiago', de Jesús Trincado. No Edificio Multiusos de Melide.

-venres 17: monólogo de Alberte Montes. A partir das 23.30 horas na Fundación (Avda. de Toques e Friol, Melide)

-sábado 18: obradoiro de maquillaxe dixital, impartido pola asociación Enfócame. Máis info, pax. 19

-novo show do humorista Carlos Blanco. Ás 00.00 horas na Sala 600 de Melide

-venres 24: sesión de micrófono aberto, a partir das 23.30 horas na Fundación (Avda. de Toques e Friol, Melide)

Historias e recordos nosos

Xesús Núñez López

No Cerne do pasado mes de marzo falabamos do primeiro aniversario do pasamento de Don Eugenio Pazos Reyes, Director Perpetuo da Banda de Música de Visantón, ocorrido o 28 de dito mes.

Este excelentísimo amigo de todos, e meu, tínhamos falado algunha vez sobre unha lonxana historia que se dicía tiña algo que ver coa súa parroquia de Couso, na Estrada (Pontevedra), sobre unha muller chamada 'Pepa, a loba', que seica era ou andivera por aquela bisbarra.

Coa triste coincidencia de data por un lado, e ledicia por outro, resulta que o 28 de marzo de cada ano é día festivo en Vigo, dende hai 203 anos, por celebrarse con grande solemnidade o 'Día da Reconquista', coa vitoria contra os franceses de Napoleón, cuxa Praza Forte caera nas súas mans o día 31 de xaneiro de 1808.

Nunha concisa nota explicaremos esa historia real, que di: toda a noite do día 27 loitraron sen descanso as Milicias Honorables de Vázquez Varela, axudados por dúas fragatas inglesas dende a ría, contra as tropas do xeneral francés Chabot, ata que ó amencer do día 28, alzaron a bandeira branca en sinal de rendición.

Pero antes, un galego chamado 'Carolo', ó intentar rachar a machetazos a porta chamada da 'Gamboa', do forte onde estaban atrincheirados os franceses, cae morto. Continúa a labor coa mesma machada Bernardo González del Valle, coñecido por 'Cachamuíña', comandante do Exército, ata que tamén cae ferido por catro balas inimigas.

Ó día seguinte da vitoria, 'Cachamuíña' -cuxo apodo é

de supoñer que lle viña por ter nacido na aldea ourensá dese nome- é nomeado comandante e gobernador da Praza de Vigo.

Di a historia que unha tataraneta de 'Cachamuíña', chamada María Canal Rodríguez, faleceu en Vigo o 8 de outubro de 1991. Esta mesma muller era neta do famoso José Rodríguez, coñecido polo 'Tratante', natural de Cenlle (Ourense), a quen lle tiña medo a bandida 'Pepa, a loba'. Quen era 'Pepa, a loba'? De quen me falaba o amigo -sempre no recordo- Don Eugenio Pazos Reyes?

De 'Pepa, a loba' dise que puido nacer en Couso, A Estrada, ou por aquela zona, no ano 1835. Era filla de nai solteira, cuxo pai dicíase que era un irmán do tendeiro do pobo.

Dende moi nova gardáballe as ovellas a súa tía Dorinda, e un día, ó ser atacado o rabaño por un lobo, enter a rapaza cun pao e o seu can 'Lueiro' mataron ó lobo, saíndo ela ferida, pero coa axuda do seu fiel can puido chegar á aldea.

Súa nai, chamada Falucha, é violada na súa casa por un descoñecido diante de Pepa. Quedou embarazada e ós nove meses dou a luz a un neno, pero falece ela no parto e morre tamén o neno.

A tía Dorinda, ademais de mandala gardar as ovellas tamén a facía ir polas feiras e mercados a pedir esmola. Máis tarde mándaa servir para a casa do tendeiro, coa intención de recoller algúns cartos a cambio do traballo de Pepa. Pero o tendeiro cóllecille cariño e como non ten fillos, adóptaa a ela como tal.

Ó mesmo tempo, o tendeiro contrata a un estudante para que lle ensine cultura a Pepa,

pero estudante e alumna namóranse e fanse noivos.

O tendeiro fai testamento a favor de Pepa e ó pouco tempo aparece asasinado cun coitelo cravado no peito. Aínda que no pobo pensan que o crime foi obra do irmán do tendeiro -que viña sendo o pai de Pepa- foron acusados o Pepa e máis o noivo, saíndo éste absolto e Pepa condenada a cadea perpetua.

Este erro da xustiza convirte a Pepa nunha persoa chea de rancor e con moitas gañas de vinganza. Cando levaba algúns anos na cadea de Pontevedra, pediu auxilio espiritual do capelán da prisión, e cando quedaron sós, mallou ó curo ata deixalo inconsciente e entón ela puxo o traxe do capelán e saeu pola porta da cárcere sen problema.

Entón visteuse de home e saiu da capital pontevedresa coa intención de vingarse do irmán do tendeiro, suposto pai dela. Faise cunha pistola e diríxese a Couso, onde ó dar con el, mentres ela o ameaza coa arma, fai que o seu fiel can 'Lueiro' lle dea morte.

Éste era o seu primeiro crime. Despois escapa para o monte, onde se fai xefa dunha partida de bandoleiro que levan a cabo moitos roubos e tamén mortes, asaltando ós camiñantes, pazos, casas fortes e casas reitorais, todo elo sempre na provincia de Pontevedra.

Convertida en 'Pepa, a loba' -tamén sería por matar o lobo- era temida por moitos, excepto segundo se dixo antes, por José Rodríguez, o 'Tratante' de Cenlle (Ourense), e admirada por outros que compartían a súa rebeldía de pobreza de cara os ricos, a inxustiza e a crueldade.

Democracia Real Xa?

Xavier Pazo Blanco, presidente da Asociación de Troiteiros 'Río Furelos'

Dende o pasado quince de maio saíron ás prazas das principais cidades do Estado moitos mozos e mozas, ao que seguiron descontentos, estu-
sistas e outros moitos para suscitar o atractivo slogan denominado "Democracia Real Xa". O movemento, baixo o precepto da acción non violenta, clama as súas consignas contra os que eles denominan culpables -especuladores, bancos, corporacións transnacionais...- da crise económica que directamente sofren os cidadáns e os Estados e doutras doenzas que tamén o mundo occidental está a padecer e exportar a aqueles países máis pobres -contaminación, desmantelamento do estado de benestar, perda de dereito sociais...- Un movemento que cada vez parece cobrar máis forza, ao que se adhire un maior número de persoas e son quen de manterse durante días e noites nas prazas de moitas cidades para facerse ver e oír.

O curioso desta convocatoria é que foi realizada por un grupo de discusión informal que se denomina "Plataforma de coordinación de grupos promobilización cidadá" que ten como obxectivo fomentar a discusión en aberto e aproveita as novas redes sociais mediante a internet. Considéranse un grupo plural, diverso e con heteroxeneidade social que se sitúa á marxe da política tradicional. As súas propostas cinguense a eliminar os privilexios da clase política, loitar contra o desemprego, dereito a unha vivenda, servizos públicos de calidade, control das entidades bancarias, maior fiscalidade aos que máis

teñen, liberdades cidadás e democracia participativa e redución do gasto militar.

Quizais o que están a suscitar non se atopa lonxe do senso común nin do que a todos nos gustaría, nin tampouco incluso do que se leva suscitando dende xa fai un bo número de anos en parladoiros, conversas informais, encontros de tipo académico ou científico...

As súas propostas en plena campaña electoral non fixeron máis que visibilizar aos descontentos e críticos co modelo no que vivimos. Defínense como persoas comúns que a maior parte deles naceron na chamada democracia occidental e mostran o seu descontento porque o modelo democrático non é real. Conviven a cotío co que se sitúa á marxe das promesas da democracia, como son a corrupción, o amiguismo por riba do mérito e capacidade para optar a un emprego, a desidia social, principalmente, porque por riba dos pequenos contextos locais e dos Estados levántase a ditadura dos mercados que inflúe directamente nas vidas das persoas.

Polo tanto, o lema principal que aglutina a todas estas persoas é a toma de conciencia do vello slogan "outro mundo é posible", co fin de que sigamos tendendo cara a utopía de iso que vimos en chamar democracia na contemporaneidade. A interrogante que suscita o título desta breve colaboración débese a que o proceso anúnciase longo, seguro que inacabado, e esperemos que non desvaneza porque o ben común é o que está en cuestión. Continuará.

Pече

Ánxeles Vázquez, candidata a presidir a FEGAMP

A alcaldesa electa de Melide, Ánxeles Vázquez, perfírase como nova presidenta da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), en substitución de Carlos Fernández (alcalde en funcións de Ames, PSOE) trala derrota dos socialistas o 22-M.

O PP quere para o posto a

unha muller, para rachar con máis de 20 anos de presidencia masculina nesta entidade.

Os requisitos que manexan os populares para a persoa que ocupe este cargo son que proceda dunha vila mediana, nin cidade nin con menos de 5.000 habitantes, e que conte con maioría absoluta, caracte-

rísticas que reúne Vázquez.

Antes estas informacións, a propia Ánxeles Vázquez asegurou a Cerne que "non hai nada decidido, simplemente é unha das opcións que se barallan, pero non hai nada máis". "Eu son unha persoa de partido e traballarei con cargo ou sen el", afirmou rotunda.



TOÑO PUMAR PATIÑO, TOÑO PELUQUEROS

“Asisto a cursos tódolos anos para estar ao día nas novas tendencias”

O feito de que súa irmá fose perruqueira foi decisivo para que Toño Pumar se decantase por este oficio. Tras comprobar que o de peinar cabeleiras se lle daba ben decidiu formarse nunha academia da Coruña e facer varios cursos en Madrid e Barcelona. Pouco despois de cumprir os 18 xa tiña o

título. A pesar de toda a experiencia que acumulan as súas mans -leva máis de 22 anos traballando- un dos seus segredos é a formación constante. Coñecer ó cliente e adaptar o que se leva aos seus gustos, así como usar produtos da mellor calidade son as claves do seu negocio.

-Como comezou no mundo da perruquería?

-Foi por miña irmá. Ela era perruqueira e eu estaba sen facer nada. Primeiro comecei peinando unha modelo (muñeca) e despois probei en persoas e como vin que se me daba ben decidín sacar o título. Con 19 anos xa fixera o curso e despois estiven formándome en Madrid e Barcelona.

-Despois formou unha sociedade coa súa irmá

-Comezamos a traballar xuntos e logo decidimos ampliar o negocio. O problema era que estaba ás aforas de Melide, no Campo Grande, e había xente que non sabía do noso establecemento, pero aínda así traballabamos moi ben.

-Cando montou a súa propia perruquería?

-Hai uns oito anos miña irmá tivo que deixalo. Decidimos seguir a miña muller, Ana, que levaba traballando con nós 14 anos e eu. Tivemos varias empregadas. Despois de catro anos, decidimos cambiarnos para onde estamos agora, na Ronda de Pontevedra.

-O cambio de ubicación foi un punto de inflexión no negocio

-Aquí estamos mellor, somos máis visibles para a clientela en xeral, porque no outro local había xente que non nos coñecía ao estar situados ás aforas. Antes estabamos nunha segunda planta sen ascensor, polo que era moi difícil captar á clientela máis maior. Aquí hai máis movemento, e aproveítanse mellor as mañás, que eran moito máis tranquilas na outra perruquería. En agosto fará tres anos que nos trasladamos, e por agora, estamos moi contentos co cambio.



Toño posa na súa perruquería, situada na Ronda de Pontevedra, 59.

-Cales foron os motivos que lle empuxaron a dar ese paso?

-Por aquela época xa se comezaba a falar de crise e eu pensei que había que facer algo para mellorar o negocio e poder manterse. Aí foi cando decidín cambiar de ubicación.

-Despois de tanto tempo no sector, xa terá unha clientela fiel

-Temos unha boa clientela, entre a que hai xente de todas as idades e de todas as clases, con similar número de mulleres e de homes. Hai xente que leva toda a vida e outra que vai cambiando, pero por sorte sempre aparecen clientes novos. Temos moita xente que vive fóra e que vén a Melide de vacacións e fan reservas para todo o verán.

-Que é o que máis traballan?

-Facemos de todo. Dende os traballos máis habituais de lavar, cortar e peinar, pasando por tintes e mechas, ata extensións, alisado brasileiro -antes chamado xaponés- ou alisado con keratina. Tamén traballamos moito peinados de noiva.

-En tratamentos de beleza, que ofrecen?

-Traballamos maquillaxes para todo tipo de ocasións, depilación facial e manicuras.

-Cales son as tendencias para esta tempada?

-Agora mesmo non se pode falar de tendencias definidas. Lévese un pouco de todo. Lévanse os cortes tipo 'bob' e os marróns e rubios. Os clientes

están pedindo cousas moi variadas e cada vez son máis atrevidos e lles gusta máis que se lle noten os cambios. Eu adáptome ó que me pidan e atrévome con todo, intentando facelo sempre o mellor posible.

-Non obstante, este negocio require ter unha formación actualizada

-Saber o que se leva é esencial. Eu estou formándome continuamente. Vou a Madrid a facer varios cursos cada ano e visito feiras especializadas porque hai que estar ao día nas tendencias. Gustaríame ir a Londres, porque é onde se fan os mellores congresos sobre perruquería e de onde veñen as tendencias.

-As perruquerías son un

“A clientela é cada vez máis atrevida ante as tendencias. Eu adáptome ao que me pidan”

“Ante a crise, sempre tiven claro que había que mellorar o negocio para manterse e ter máis clientes”

negocio moi estendido, nótase a competencia?

-Hai competencia nos prezos, que dependen moito dos produtos que se utilicen. Nós traballamos coa marca L’Oreal e estamos moi contentos coa calidade. Hai sitios nos que traballan con produtos de menos calidade, polo que o cliente paga menos. Tamén hai que ter en conta o traballo do profesional, se sabe poñer un color ou facer un corte axeitado á cara da persoa. Aí é onde se ve a profesionalidade.

-Aféctalles a crise?

-Nótase sobre todo nos clientes habituais, que seguen vindo, pero menos veces. Outro factor importante é que tamén descenderon o número de vodas. Aínda así, seguimos tendo unha clientela ampla.

CASA DA CULTURA

Un soño feito realidade



**CONCELLO
DE MELIDE**

O 17 de maio de 2011 abrimos as portas da Casa da Cultura de Melide despois de oito longos anos. Fixo falta un investimento de 1,3 millóns de euros nos últimos tres anos para subir novamente ao seu escenario.

